

Fundamento.

A Fundación Escultor Pedro Dobao é unha entidade cuxo fin é o desenvolvemento e promoción de actividades asistenciais e promocionais a favor dos creadores visuais e novos valores das artes plásticas, así como a divulgación e conservación da propia obra do autor Pedro Dobao. Por mediación da Fundación, organízanse cursos, seminarios, conferencias e outras actividades; tamén se invita ao artista e ao espectador á profunda reflexión relacionada coas Artes Plásticas. A súa actuación será en todo o territorio da Comunidade de Galicia; así mesmo, a sede da fundación reside en Vigo.

A Fundación Escultor Pedro Dobao está ao servizo do cidadán e as súas inquietudes culturais no mundo das artes plásticas e en especial da escultura, promovendo a novos valores, impartindo cursos ás institucións que o soliciten, e conferencias en todo o territorio Galego, organizar exposicións e editar catálogos e outras publicacións.

Pedro Dobao é galego. O seu pensamento convértese en escultura, que é a súa linguaxe principal.

Comenta, que a escultura por moi abstracta que sexa, a propia escultura, ten que ser a que dialogue co espectador. A escultura realista é maravillosa, como outros modos de expresión, na abstracción podes considerar o ruxir do vento, ou o choro dunha sociedade ferida.